

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1368).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA. A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1369).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS NON PERIÓDICAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2018. EXPTE. 148909/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15/12/17, e o informe de fiscalización do 20/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/17, asinado polo xefe da Área de Benestar Social e a concelleira delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. A Concelleira delegada da Área de Política Social, mediante Resolución de data 14.12.2017 ordenou o inicio de expediente administrativo para a aprobación do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2018», encomendando a súa tramitación ós servizos técnicos, xurídicos e administrativos desta Concellería delegada.

II. Para os efectos indicados na Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014, xustifícanse expresamente na Exposición de Motivos do Programa os títulos competenciais que lexitimarían a actuación municipal en materia de servizos sociais, conforme coa actual normativa de réxime local (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, Arts. 80.2.k) e 81.c) LALGA, Disp. Adic. 4ª L.5/2014) e coa lexislación sectorial aplicable (L.13/2008, L.3/2011, L.10/2013...), na que se outorga un papel importante ás CCLL en relación co apoio ás persoas e familias en situación ou risco de exclusión social. Lémbrese, ademais, que este tipo de prestacións económicas inclúense no catálogo de servizos sociais da L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e están tamén previstas nas Bases de execución do Orzamento xeral municipal.

III. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

IV. O Programa desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa estatal (L.38/2003, RD.887/2006) e autonómica (L.9/2007) de subvencións públicas e polas Bases de execución do orzamento xeral municipal. Consta dun total de trece Bases, nas que se regulan polo miúdo os obxectivos, requisitos, obrigas dos beneficiarios, o procedemento de valoración e concesión, a contía das axudas, a forma de aboalas e xustificalas, o crédito dispoñible, etc.

V. O contido deste Programa para 2018 é idéntico ó do exercicio de 2017, introducíndose unicamente unha nova redacción da Base novena para adecuar a composición da Comisión de Valoración á organización interna do Servizo.

VI. Canto ó seu financiamento, indicar que no programa 2310 de Benestar Social existe a aplicación 480.00.00 *“Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”* (842.000 €) e tamen no funcional 2310 de Benestar Social cóntase coa nº 2310.780.00.00, destinada a *“Melloras en fogares”* (50.000 €), con cargo á que se viñan concedendo axudas para a adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos nas vivendas).

VII. Ó abeiro do previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño, e na Base de execución nº 29.3, propónse tramitar este expediente como anticipado de gasto.

VIII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, emitido informe xurídico (15.12.2017) e tamén o de fiscalización da Intervención xeral municipal o 20.12.2017 (que obrigou a completar a Base sexta nos termos que agora se reflecten), procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2018», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 148909/301).

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 842.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2018 e de 50.000€ con cargo á aplicación nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares de persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a mobilidade.

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Com todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL PARA O ANO 2018»

BASES EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

De acordo co Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LRBRL), o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

En definitiva, as atribucións competenciais do Concello de Vigo para intervir neste ámbito derivan tanto da lexislación de réxime local como da normativa sectorial específica autonómica en materia de servizos sociais.

II

Os servizos sociais municipais, tanto os comunitarios básicos como os específicos, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción, de acordo cos principios da L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, prestan unha atención integral ás persoas baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu contorno familiar e comunitario, contando cun conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta ás carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin propónse a aprobación das Bases para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas non periódicas de emerxencia para o ano 2018, no marco xurídico definido na normativa reguladora das subvencións públicas e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica, en relación coas subvencións, dentro das Bases de execución orzamentaria.

As axudas que se concedan terán necesariamente carácter temporal e extraordinario para atender situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constituirán un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente doutras Administracións públicas.

Durante o exercicio de 2017 concedéronse con cargo a este Programa axudas por un importe total de 780.440,87 €, co seguinte detalle (datos a 30.11.2017):

IMPORTE	CONCEPTOS
258.449,62 €	ALUGUER
7.444,63 €	ALOXAMENTO
316.826,45 €	ALIMENTACIÓN BÁSICA
12.530,28 €	MOBILIARIO DE PRIMEIRA NECESIDADE
9.775,90 €	GAS
63.944,30 €	LUZ

20.565,58 €	AUGA
9.111,99 €	GASTOS PERSOAIS
22.472,72 €	GASTOS DE FARMACIA
9.091,77 €	PRÓTESIS
10.738,05 €	CRÉDITOS HIPOTECARIOS
33.478,28 €	ADAPTACIÓN DE FOGARES
5.966,30 €	DÉBEDAS DE COMUNIDADE

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto.

Estas Bases teñen por obxecto fixar os criterios e regulamentar a concesión de axudas económicas con cargo ós orzamentos municipais do Concello de Vigo para atender situacións extraordinarias que poidan considerarse de emerxencia social.

SEGUNDA.- Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a de apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar unha determinada situación de emerxencia social relacionada coa súa vivenda, coa alimentación básica das persoas integrantes da unidade familiar/de convivencia e outras situacións debidamente acreditadas de necesidade que, de non ser atendidas, poderían derivar en marxinalidade ou exclusión social.

TERCEIRA.- Formas de pagamento.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante a entrega ás persoas beneficiarias do Programa de cheque bancario, tranferencia ou tarxeta social pre-pagamento ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

CUARTA.- Persoas destinatarias.

O programa de prestacións non periódicas diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de emerxencia social e que estean empadroadas no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema, as persoas estranxeiras refuxiadas ou con solicitude de asilo en trámite ou con autorización de estancia por razóns humanitarias así como as persoas acollidas en recursos de aloxamento institucional.

QUINTA.- Crédito orzamentario.

A concesión das prestacións axustarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (*"Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios"*).

As axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), diríxense, preferentemente, a persoas que, pola súa idade ou discapacidade, teñan limitada a súa mobilidade e o gasto será contemplado na aplicación orzamentaria nº 2310.780.00.00 (*"Melloras en fogares"*).

Non obstante, de se producir un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida en que fose necesario, sempre que existan recursos financeiros suficientes e de acordo á normativa vixente en materia orzamentaria.

SEXTA.- Requisitos.

Os requisitos para acceder a estas axudas de emerxencia do Concello de Vigo son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada.

2º.- Residir e estar empadroad/a no Concello de Vigo cunha antigüidade mínima de seis (6) meses, agás as excepcións indicadas na base cuarta.

3º.- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos extraordinarios derivados dunha situación de emerxencia social, debidamente acreditada.

4º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa desa situación de necesidade ou ben autorizar ó Concello de Vigo (Servizo de Benestar social) para obter das Administracións Públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación da mesma.

Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidades (RISGA, AIS, etc.).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante das axudas.

c) Cando non se teñan xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos en función da forma de pagamento (cheque bancario, transferencias e/ou tarxetas pre-pagamento).

Tendo en conta a natureza destas axudas sociais de emerxencia e a situación de necesidade das persoas destinatarias, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003), exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables e contías máximas.

1. Gastos subvencionables:

1º.- Gastos de vivenda, que inclúe:

- Gastos de aluguer, cando existan garantías de continuidade na vivenda.
- Créditos hipotecarios con entidades bancarias, en evitación de desafiuzamentos, sempre que non se disfrutase xa de axudas públicas por este concepto durante os períodos de adeudo.
- Débedas de comunidade.
- Mobiliario de primeira necesidade.

- Débedas de subministros: enerxía eléctrica, augas e gas.

Non se concederán axudas de emerxencia para sufragar os gastos de aluguer correspondentes a vivendas de protección oficial de titularidade pública.

2º.- Alimentación básica, incluída a infantil, á venda en establecementos de alimentación.

3º.- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público de saúde:

- Gastos de atención sanitaria para a adquisición de medicinas e pagamento de débedas xeradas por este concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario.
- Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público (adquisición, reparación e adaptación de lentes, ortopedia e próteses, etc.), acreditando a súa prescripción por un médico do sistema público de saúde.

4º.- Gastos persoais.

5º.- Aloxamentos (pensións, cuartos, etc.)

As axudas concedidas con cargo a este Programa teñen carácter temporal e extraordinario para abordar situacións concretas de emerxencia social pero en ningún caso constitúen un complemento ordinario do importe das prestacións públicas que poidan percibirse periodicamente (RISGA, PNC, pensións, prestacións por desemprego...), polo que non serán atendidas as solicitudes reiteradas de axudas para os mesmos conceptos. Tampouco non poderán ser invogadas como precedente.

2. Contías mensuais máximas por todos os conceptos:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	MÁXIMO ALIMEN- TOS/ MES	MÁXIMO ALU- GUER/MES	MÁXIMO ANUAL POR TODOS OS CONCEPTOS (*)
1	150	225	2400
2	220	325	2850
3	290	350	3250
4	350	400	3550
5	400	450	3850
6 ou máis	450	475	4150

(*) Gastos de vivenda, alimentación básica, atención sanitaria e gastos persoais.

Para as axudas que se concedan destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas e/ou pequenos arranxos para mellorar o desenvolvemento diario no entorno), ata un máximo de 3.000 € por vivenda e ano.

OITAVA.- Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración destas axudas estará integrada pola xefa do Servizo e dúas técnicas da Área de Benestar social relacionadas con este programa de prestacións, que asumirán tamén a secretaría da mesma. Ademais, cando así o considere a Comisión, poderán for-

mar parte dela as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios básicos e/ou específicos.

NOVENA.- Procedemento de concesión e valoración.

O procedemento de concesión destas axudas iniciarase de oficio ou por instancia da persoa interesada presentada no Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, acompañada da documentación esixida en cada caso.

Correspóndelle ás traballadoras sociais das UTS ou programas específicos que resulten competentes en cada caso, informar, asesorar e orientar ás persoas interesadas en todo o relacionado cos requisitos, características, documentación necesaria, contías, etc. deste réxime de axudas, así como realizar posteriormente a valoración profesional de cada caso – membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, etc.- e remitir os seus informes á Comisión de Valoración.

Unha vez recibidos os correspondentes informes por parte das traballadoras sociais das UTS, a Comisión de Valoración formulará á proposta de resolución que proceda, de concesión ou denegación, segundo principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, axustándose a estas Bases tanto no que se refire á natureza das axudas como ás súas contías.

En casos excepcionais debidamente xustificados, a profesional correspondente e a responsable do programa poderán propoñer a contía e o aboamento dunha axuda, cando a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión de Valoración, a quen elevará dita concesión na primeira reunión que teña lugar.

A Concellería delegada da Área de Política Social será a competente para resolver sobre a aprobación ou denegación destas axudas. Esta Resolución será notificada regulamentariamente ás persoas interesadas nos termos previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas.

Unha vez concedida a axuda, a persoa beneficiaria deberá asinar o recibín e disporá dun prazo de dez (10) días desde a recepción da mesma para presentar a xustificación perante a traballadora social da zona, mediante facturas ou documentos acreditativos do gasto realizado.

DÉCIMA.- Solicitud de fondos.

Por solicitude do Servizo de Benestar Social realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación á súa conta delegada número 2080 5000 67 3110242616 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás aplicacións núms. 2310.480.00.00 e 2310.780.00.00.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Obrigas das persoas beneficiarias.

1. Aplicar as prestacións ás finalidades para as que foron concedidas.
2. Permitir e facilitar o labor do persoal designado para comprobar a situación económica e familiar dos posibles beneficiarios.
3. Comunicar os cambios que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.

4. Reintegrar o importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
5. Comunicar calquera cambio de domicilio.
6. Cumprir as condicións e obrigas específicas determinadas en cada caso pola profesional de traballo social correspondente.
7. Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida no prazo indicado para tal efecto.

DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade das axudas concedidas.

Tendo en conta a natureza e obxecto destas axudas de emerxencia social a persoas sen recursos e en aplicación do previsto sobre o particular nos artigos 18.3.d) da Lei 38/2003, 30 do RD.887/2006 e 15.2.d) da Lei 9/2007, non será precisa a publicación da súa concesión, toda vez que a mesma estímase contraria ó respecto e salvagarda do honor e a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e á propia imaxe. Esta restricción aplícase tamén ó Portal da Transparencia do «Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones» (SNPS). Con todo, deberá facilitarse a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento e efectividade das prestacións.

En cumprimento do establecido na Base nº 38.2 pfo. 2º das de execución do orzamento xeral, corresponderá á Área de Política Social realizar os seguimentos que procedan en orde á correcta aplicación dos fondos percibidos polos perceptores das referidas axudas, debendo emitirse informe con periodicidade mensual, especificando perceptores, importe da axuda, causa e finalidade, co visto e prace da Concellería delegada.

3(1370).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL. EXPTE. 4859/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 21/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para

consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro municipal de data 15 de decembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	97,76
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,02
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	89,28
4	AN ROD LATEM, S.L.	80,84

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1371).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO VIGO VERTICAL DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL. EXPTE. 4860/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 21/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno

local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	UTE: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA	90,21
2	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	89,44
3	HIDROMIÑO S L	88,66
4	CIVIS GLOBAL SL	88,61
5	U.T.E.: C.D.INDEPO S.L.U. - DEMAÍN	88,55
6	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,98
7	UTE: XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECON-SA, S.L.	87,18
8	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,04
9	MISTURAS, S.A.	83,71
10	EXTRACO, S.A.	83,38
11	COPCISA, S.A.	82,31
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	78,93
13	DRAGADOS SA	71,87
14	ORECO S.A	71,07
15	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	47,32

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 971,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1372).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE II. EXPTE. 4838/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 21/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	97,37
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	94,26
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	93,35
4	C. D. INDEPO S. L.	89,13
5	ORECO S.A	89,03
6	NAROM, S.L.	88,83
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	88,16

	Licitadores	Puntuación
8	ORESA SL	87,25
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,09
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	87,01
11	CIVISGLOBAL, S.L.U.	85,01
12	HORDESCON, S.L.	82,63
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	74,90
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	75,82

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 929,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1373).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO DO VIGOZOO. EXPTE. 8434/612.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2017 polo que non se admitiu a CLAUDIO ABALO CARRERA por non declarar solvencia técnica suficiente para a prestación do obxecto deste contrato na declaración responsable incluída no sobre A “documentación persoal” e non tela emendado dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	100,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 995,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o día 24 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DIEGO BALLESTEROS PEINADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DIEGO BALLESTEROS PEINADO, de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 20 de novembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral do exotarium e bolboretario de Vigozoo (8.434-612) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 115.434,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.034,00 euros.*
- b) Propón unha bolsa de horas anuais de prestación do servizo sen custo para o Concello de 100 horas/ano.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1374).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ESTACIONAMENTO REGULADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS. EXPTE. 90514/210.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo dos licitadores que deseguido se relacionan:

- Sesión do 14 de xullo de 2017:

1. *SABA (por infrinxir a súa oferta o disposto na cláusula 14.3.2 do PPT e non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)*
2. *UTE GERTEK-ACCIONA (por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no parágrafo final da cláusula 16.1.1 do PCAP)*

- Sesión do 14 de novembro de 2017:

1. *UTE INGESER ATLÁNTICA, S.L. con ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S.A. e AUSSA, por canto nos Plans Económicos Financeiros parten de premisas, tales como a modificación do contrato para incrementar as prazas ou ampliar os horarios de prestación do servizo, que non dependen da súa vontade, e que de non producirse farían inviable a concesión nos termos plantexados polos licitadores.*

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN
DORNIER, S.A.	91,10 puntos
SETEX APARKI, S.A.	84,26 puntos
UTE INDIGO&ESYCSA&API	66,46 puntos
ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A	66,34 puntos

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.559,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DORNIER, S.A., o día 27 de novembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 11 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DORNIER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do

licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DORNIER, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 de xullo e 14 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DORNIER, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros (90.514-210) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 23.405.231,94 euros.*
- b) *Propón un 31% de redución do orzamento de gastos do servizo previsto no estudo económico financeiro do contrato.*
- c) *Propón como porcentaxe de retribución do concesionario sobre a fixada na cláusula 6 un 0%.*
- d) *Propón un 95% de redución dos importes de custo praza/día previstos no económico financeiro do contrato.*
- e) *Comprométese a adscribir á execución do contrato os seguintes vehículos sostíbeis:*
 - *Turismos e vehículos destinados ao transporte de persoas (1).*
 - *Vehículos destinados al transporte de mercancías (< 3.500 kg) (2).*
 - *Motocicletas (1).*
- f) *Compromete o subministro e instalación de 9 postes de recarga de vehículos eléctricos no primeiro ano do contrato e 18 máis o quinto ano (apartado 2.1.1, 2.1.1.1, 2.1.1.2, 2.1.1.3 da súa proposición avaliábeil mediante xuízo de valor), segundo se indica no informe asinado polo enxeñeiro técnico industrial e o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade de data 8 de novembro de 2017.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1375).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E RESERVADO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN MÍNIMO DE 201 CHALECOS ANTIBALAS, ANTICOITELOS E ANTIPUNZÓN, PARA O SERVIZO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 56828/212.

Dáse conta da proposta asinada con data 29/12/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) Procedemento negociado sen publicidade e reservado para a contratación do subministro dun mínimo de 201 chalecos antibalas, anticoitelos e antipunzón, para o servizo da Policía Local (56.828-212)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe emitido polo xefe da área de Seguridade e Mobilidade, de data 19 de decembro de 2017, de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

No presente procedemento foron admitidos dous licitadores:

- GALICOM COMUNICACIONES, S.L.
- SAGRES, S.L.

Segundo se desprende do citado informe técnico a primeira da citadas mercantís excede o prezo unitario de licitación, e a segunda incumpre o prego de prescricións técnicas particulares.

A Mesa analizará por separado cada unha destas cuestións.

- a) **GALICOM COMUNICACIONES, S.L.**

Propón un prezo unitario de 735,26 euros para cada chaleco. No entanto, o apartado 3.G da Folla de especificacións do contrato (FEC) incluída como Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), fixa como prezo unitario de chaleco de 637 euros.

Neste procedemento de contratación, o órgano de contratación optou pola posibilidade prevista no artigo 87.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), de formular o prezo do contrato *“en términos de prezos unitarios referidos aos distintos compoñentes da prestación ou ás unidades da mesma que se entreguen ou executen”*, e configurou o contrato como de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo, tal e como prevé na disposición adicional 34ª do TRLCSPP.

A vista dos artigos 145.1 do TRLCSPP, conforme ao cal *“As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares”* e 84 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), que

determina que *“Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada”*, preceptos ambos aplicables a todo tipo de procedementos. E tendo en conta que o artigo 93.2 do RLCAP determina que *“No procedemento negociado, a adxudicación non poderá ter lugar, en ningún caso, por importe superior ao orzamento previamente aprobado”* e que a cláusula 11 do PCAP establece que *“A Mesa poderá acordar, motivadamente, o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas, sempre e cando a documentación técnica e/ou económica que conteñan contradigan as previsións dos pregos”*. A mesa, por unanimidade dos seus membros presentes nesta sesión, acorda excluír da licitación a GALICOM COMUNICACIONES, S.L. por exceder na súa oferta o prezo unitario de licitación fixado no apartado 3.G da FEC do PCAP.

b) SAGRES, S.L.

Segundo o devandito informe técnico a oferta de SAGRES, S.L. *“incurre en incumprimento flagrante do apartado 2.4 do PPT, en canto en aquela certifícase que as fibras do paquete balístico presentan unha composición 100 % POLIAMIDA, fronte ao mandato taxativo do PPT que esixe “un tecido a base de fibras sintéticas u orgánicas de alta resistencia capaces de dar la protección adecuada, A BASE DE TEJIDO DE ARAMIDA. O incumprimento detectado consta no “INFORME DE ENSAYO Nº 2016CO3792, folios 1 a 3” incluído na documentación técnica da oferta”*.

Segundo a RECOMENDACIÓN 1/2016, de 20 de abril, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, relativa á utilización do procedemento negociado, *“El elemento diferenciador del procedimiento negociado, respecto de los procedimientos abierto y restringido, es la exigencia de negociación. Debe fijarse previamente en el pliego de cláusulas administrativas particulares (en adelante PCAP), cual será el objeto de la negociación, como señala el artículo 176 TRLCSP, los aspectos económicos y técnicos que hayan de ser objeto de negociación”*. O PCAP, na cláusula 15 e no apartado 9.A da FEC fixa como única materia obxecto de negociación a *“Redución do prezo unitario”*. Engade esta recomendación que No es posible negociar sobre los requisitos mínimos establecidos en el PCAP, como ha determinado la jurisprudencia comunitaria (STJUE de 5 Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Comunidad Autónoma de Aragón de diciembre de 2013, asunto c-561/12), y establece expresamente el artículo 29 de la Directiva 2014/24/UE: *«En los pliegos de cláusulas administrativas particulares, los poderes adjudicadores determinarán el objeto de la contratación facilitando una descripción de sus necesidades y de las características exigidas para los suministros, las obras o los servicios que hayan de contratarse, indicarán asimismo qué elementos de la descripción constituyen los requisitos mínimos que han de cumplir todas las ofertas”*.

Á vista deste precepto, artigo 29 da Directiva 2014/24/UE, así como do artigo 145.1 do TRLCSP, e da cláusula 11 do PCAP, citados no apartado anterior, a Mesa acorda por unanimidade dos presentes excluír a oferta de SAGRES, S.L., por incumprimento do apartado 2.4 do PPT.

Excluídos os dous licitadores que concorren a este procedemento, a Mesa de contratación, por unanimidade, acorda propor á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, que se declare deserto o procedemento negociado sen publicidade e reservado para a contratación do subministro dun mínimo de 201 chalecos antibalas, anticoitelos e antipunzón, para o servizo da Policía Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1376).- AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL – CARREIA DO PAVO”. 16402/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/12/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica de Deportiva e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

Antecedentes:

A Federación Galega de Atletismo, con CIF (G-15103500), solicitou o día 20-11-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170161168), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL CARREIRA DO PAVO
- Data: 24 de decembro de 2017
- Horario: 10.15h a 12.15h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro domingo 24 de decembro de 2017, a proba comenza ás 10.15h e terá a súa saída dende a Praza de Compostela para proseguir por Concepción Areal, pza Compostela, García Olloqui, Náutico, As Avenidas, continuando xunto as naves da fruta, xiro no espazo final, As Avenidas, pasando fronte o Náutico, entrada ao muelle de trasatlánticos pola pasarela de madeira, xiro hacia o lado nordeste do muelle, e volta por toda a lonxitude hasta o extremo suroeste, volta hacia o Náutico, con saída pola vía de acceso ata García Olloqui, Praza de Compostela (lateral sur) e chegada a meta.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias, comprobou que foi achegada a documentación en especial o seguro de Responsabilidade civil (nº póliza 03795031600008 de Allianz) e Accidentes Participantes (nº poliza 037911211), para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia tamén solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local, informou con data 4 de decembro de 2017;
“En relación a petición feita pola Concellería de Deportes para a celebración do evento deportivo chamado GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO que terá lugar o vindeiro día 24 de decembro de 2017, a partir das 10.15 horas, con saída e meta na rúa Praza de Compostela, fágolle saber que,

comprobado o solicitado, a día de data, coa información que se posúe, non existe inconveniente para que se leve a cabo o devandito evento, a condición de que por parte da Organización se provean dos medios necesarios para o transporte e colocación do balizamento e e sinalización precisa, debendo dar conta a esta Policía Local no intre no que o fagan para proceder a súa supervisión así como do persoal suficiente e capaz para que poida ser levado a cabo o acto con toda seguridade, ou se articule algún sistema ou acordo para que devanditos termos sexan levados a efecto, do cal debemos ser informados. Debendo ter en conta o disposto no anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

- Seguridade, informou con data 12 de decembro de 2017;

Vista a solicitude presentada por Federación Galega De Atletismo , CIF número G-15103500 presenta escrito no Rexistro Xeral do Concello o 11/05/17 con Doc nº 170067543 solicitando a ocupación temporal do espazo viario público co gallo da celebración do GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO, que se celebrará o 24 de decembro de 2017, Informe que:

DESCRIPCIÓN E CONDICIÓN DA PROBA

O día 24 de decembro de 2017 ás 10:15 horas realizarase a celebración da CARREIRA DO PAVO saíndo dende a Praza de Compostela, seguindo por Concepción Arenal, Praza de Compostela, García Olloqui, Náutico, As Avenidas, Náutico, Muelle de Trasatlánticos, Náutico, García Olloqui e remata na Praza de Compostela.

O inspector de Seguridade e Mobilidade informa que non hai inconveniente en acceder ao solicitado, tendo en conta as seguintes consideracións:

CORTES:

Cortes puntuais en Arenal con Serafín Avendaño, Colón con Marqués de Valladares, Montero Ríos con Carral, rotonda paellera con Arenal.

DESVIO:

O ser cortes puntuais a Policía Local farase cargo da súa resolución.

CONDICIÓN XENÉRICAS. *As seguintes condicións só resultarán de obrigado cumprimento na medida en que, atendendo ás concretas particularidades do evento organizado, resulten de aplicación de concorrer as circunstancias que de seguido se relacionan:*

- Debera aportar Seguro de Responsabilidade Civil actualizado que cubra os danos que se poidan producir polo espectáculo a persoas ou cousas (tanto executantes do espectáculo como espectadores- terceiros) cando menos ata un importe mínimo de 300.506.05 euros e en español e o resguardo de estar ao corrente do pago.
- Para verificar o perfecto estado de montaxe dos elementos estruturais previstos para a realización do evento (palcos, camión-escenario, torretas de iluminación, etc...) debese aportar certificado de revisión anual ou certificado CE e certificado de montaxe asinado por técnico competente, sen os cales non poderá poñerse en funcionamento.
- Salvo que figure expresamente recollido nas condicións da presente autorización, esta non habilitará para utilizar as acometidas de auga, electricidade ou demais servizos municipais.

-O subministro eléctrico deberá solicitala acometida eléctrica a empresa subministradora ou contar cun grupo electrógeno.

-Para a acometida de auga e saneamento deberá solicitar punto de de subministro e punto de vertido a empresa concesionaria.

- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a posta en funcionamento dos equipamentos eléctricos con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo electrógeno, entendéndose non autorizado este evento se non dispoñen do mencionado certificado.
- Serán de obrigado cumprimento as “Normas Xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003
- Deberán dispor dun servizo de limpeza para a recollida de restos que poida xerar o evento, incluso durante o mesmo se necesario, quedando a zona utilizada nas mesmas condicións que antes do seu uso, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003
- Os vehículos de MMA maior de 10 Tm solicitarán neste Departamento de Seguridade e Mobilidade RESERVA DE CARGA DESCARGA e LICENZA DE CIRCULACION presentando copia do Permiso de Circulación e Ficha Técnica.
- No caso de necesidade de reservas aparcadoiro, con 48 horas de antelación sinalarase con valados e sinal R307 as marxes da rúa ou perímetros do aparcadoiro para impedir o estacionamento, de xeito que se garanta en todo momento o máximo número de carrís libres para a circulación de vehículos. Logo de sinalizar avisará á Policía Local para dar conta da reserva de aparcamento. Teléfono 986810101
- O entorno afectado deberá estar sinalizado e balizado axeitadamente, día e noite, conforme á normativa vixente en materia de circulación e seguridade.
- A Policía Local velará polo estrito cumprimento das normas establecidas e garantirá os mínimos imprescindibles de seguridade viaria, o incumprimento das medidas de seguridade e protección motivará a paralización do evento.
- Non deberán efectuar ningún tipo de buraco naqueles lugares que teñan pavimentos, independentemente da súa natureza.
- O titular da autorización resulta obrigado a conservar en perfecto estado de salubridade, hixiene e limpeza o dominio público municipal ocupado e á reposición de todos os danos que poidan ocasionarse no mesmo como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolvida. Igualmente, unha vez finalizado o período de ocupación deberán proceder á total retirada das instalación e aparellos que tivesen ocupado o dominio público con motivo da autorización
- Antes de realizar calquera tipo de actividade, aportaranse or rexistro municipal un reportaxe fotográfico relativo os danos detectados na zona de ocupación. Unha vez rematados os actos comprobarase sobre o terreo a situación en que este queda. O arranxo dos posibles danos correrá por conta da empresa autorizada neste permiso.
- Figurará o logotipo do Concello de Vigo en toda a publicidade, merchandaising, carteis etc. que fagan referencia ao evento debendo de ser éste como mínimo de iguais dimensións que o da empresa organizadora e calquera outra empresa ou entidade colaboradora.

CONDICIÓN ESPECÍFICAS DAS OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA POR EVENTOS DEPORTIVOS.

As seguintes condicións só resultarán de obrigado cumprimento na medida en que, atendendo ás concretas particularidades do evento organizado, resulten de aplicación de concorrer as circunstancias que de seguido se relacionan:

1. Será de obrigado cumprimento o ANEXO II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o *Regulamento Xeral de Circulación*.
2. Debera notificarse con 48 horas de antelación a tódolos os veciños das rúas afectadas por medio dunha notificación que será facilitada pola Policía Local e colocada nos portais e nas entrada de carruaxes.
3. Serán por conta do promotor do evento a sinalización e persoal auxiliar (art. 13 do Anexo II do Regulamento Xeral de Circulación) necesario e indicado na proposta de sinalización e dispositivos de seguridade aprobada pola Policía Local.
4. A saída para o inicio da proba SOLO poderá ser autorizado pola Policía Local unha vez dado o visto bo das medidas de seguridade preceptivas.
5. Por parte da Organización do evento deberán realizar anuncio público no caso de que a proba requira corte de rúas.

- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Federación Galega de Atletismo, con CIF (G-15103500), a organizar o vindeiro **domingo 24 de decembro de 2017**, o evento deportivo denominado **GRAN PREMIO PEDRESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO**, a carreira terá a súa saída dende a Praza de Compostela para proseguir por Concepción Areal, pza Compostela, García Olloqui, Náutico, As Avenidas, continuando xunto as naves da fruta, xiro no espazo final, As Avenidas, pasando fronte o Náutico, entrada ao muelle de trasatlánticos pola pasarela de madeira, xiro hacia o lado nordeste do muelle, e volta por toda a lonxitude hasta o extremo suroeste, volta hacia o Náutico, con saída pola vía de acceso ata García Olloqui, Praza de Compostela (lateral sur) e chegada a meta, nos termos indicados nos informes da Policía Local e Seguridade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1377).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BARREIRO. EXPTE. 10083/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/12/17 e o informe de fiscalización do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 19/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 7 de decembro de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, as obras de ampliación do parque infantil de Barreiro.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 7 de decembro de 2017, asinado pola xefa adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, xefa de Servizo do Laboratorio Municipal.
- Resolución do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, de data 7 de decembro de 2017, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 15 de decembro de 2017, co conforme do concelleiro delegado de Montes, Parques e Xardíns, de data 15 de decembro de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), obrante no proxecto redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, de data novembro 2017, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 5 de decembro de 2017 (expte. 9813/446), e Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 11 de decembro de 2017.

- Informe da xefa do Servizo de Contratación, de data 12 de decembro de 2017, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 18 de decembro de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento e co conforme da titular da Asesoría Xurídica, de data 14 de decembro de 2017 e informe de data 18 de decembro de 2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iniciaraExaminadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/12/17 e o informe de fiscalización do 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 19/12/17, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

se polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Parques e Xardíns, en resolución de 7 de decembro de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas particulares, obrante no proxecto redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, de data novembro 2017, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 5 de decembro de 2017 (expte. 9813/446), e Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 11 de decembro de 2017, e o prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 109 do TRLCSP.

Cuarto: En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP, en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), A Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emitiu informe favorable ao expediente de contratación, en datas 14 de decembro de 2017 e 18 de decembro de 2017.

Quinto.- O artigo 109.3 e o apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

1º.- Aprobar o gasto das obras de ampliación do parque infantil de Barreiro que se dispón da seguinte maneira:

O gasto impútase á partida **1710.6190021 “Parque Infantil en Barreiro”**, en aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016, cun importe de **199.999,99€**.

2º Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto de obras de ampliación do parque infantil de Barreiro especificados no prego de prescricións técnicas particulares (PPTP)**, obrante no proxecto redactado pola arquitecta, dona Silvia Sánchez Rosell, de data novembro 2017, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 5 de decembro de 2017 (expte. 9813/446), que rexen o concurso, coas especificacións técnicas que se indican no **Anexo I ao prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 11 de decembro de 2017**, así como **aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración por este procedemento**, asinado en data 18 de decembro de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1378).- PROXECTO DE “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA”. EXPTE. 3516/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 20/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de

Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

II.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

III.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen a aplicación orzamentaria 1539.619.00.00 “DUSI Gran Vía, OT4/OT6, LA: 6,9,10,11,13,14, 1ª anualidade” con un importe de 4.781.565,00€

IV.- Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 15.06.2017 acordou “Adxudicar a ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440) por un prezo total de 121.968,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.168,00 euros.

V.- O proxecto presentado e redactado pola Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, conta cun orzamento base de licitación de OITO MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E OITO MIL NOVENTA E OITO EUROS CON SETENTA E OITOS CÉNTIMOS (8.998.098,78€), e data outubro de 2017.

VI.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 18/12/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 18/12/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

VII.- A actuación, tal e como se indica no proxecto, desenvólvese na Avenida de Gran vía de Nde a rúa Urzaiz ata a rúa Nicaragua. O obxecto do proxecto é desenvolver unha actuación integrada que provoque un efecto transformador dun dos principais eixos vertebradores do desenvolvemento urbano da cidade de Vigo, potenciando o tránsito peonil. Os obxectivos a acadar son os seguintes:

- Incorporación de elementos de transporte mecánico,
- Mellora eficiencia enerxética das infraestruturas e equipamentos,
- Creación de rutas en ámbitos históricos, artísticos culturais co fomento do uso peonil e ciclista;
- Creación de novas zonas verdes,
- Reordenación e regulación do viario urbano con potenciación do transporte público, peonil e bicicletas

No bulevar proxéctase unha cuberta para permitir o uso das ramplas e as zonas estanciais en época de choiva. Procederáse a retirada da totalidade do mobiliario urban, así como arborado existente, para proceder a continuación a demolición da totalidade do pavimento existente tanto na calzada como na beirarrúa, ata unha profundidade aproximada de 15 cm.

Procederáse a renovación completa das redes de saneamento de fecais, nova rede de pluviais y novas redes de abastecemento e rede de rego, que se efectuará previas escavación de gabias, compactado de subsolo, coloción de canalizacións segundo as determinacións y seccións definidas no proxecto, recheo de gabias, pozos de conexións necesarios e conexións dos edificios existentes coas redes propostas. No referente a o alumado electrizo, procederáse a retirada do existente tanto de luminarias como de canalizacións e cadros, efectuando una nova rede soterrada y novas luminarias e cadros de mando e control. Tamén se modificará a traza da canalización existente efectuando a mesma enterrada, así como a modificación de ubicación do centro de transformación existente. A Rede de gas prevense actuacións puntuais sobre o existente a fin de que non interferiran na execución das obras.

A rede de telecomunicacións, prevese a desviación das canalizacións que dan servizo a compañía R y telefónica, efectuando a nova canalización soterrada.

Propónse unha nova creación de rede de rego enterrada axusta a nova proposta de axardinamento e masa arbórea proposta no proxecto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 12 meses.

VIII.- A Enxeñeira Industrial da Oficina de Supervisión de Proxectos e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.Técnicas de Obras e Asistencia Técnica Municipal, asinan con data 19.12.2017 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Legislativo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRL-CSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar o proxecto de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA GRAN VÍA ENTRE A RÚA LEPANTO E A RÚA NICARAGUA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Roberto Nuñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITO MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E OITO MIL NOVENTA E OITO EUROS CON SETENTA E OITO CÉNTIMOS (8.998.098,78 € EUROS) e data Outubro de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1379).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO, FASE II. CORONA CIRCULAR EXTERIOR. EXPTE. 5130/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19/12/17 e o de fiscalización de data 20/12/17, dáse conta do informe-proposta do 19/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017. Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.69 “Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro, Perímetro exterior”, con un importe de 1.600.000 euros.

2º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.608/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 14.12.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 14.12.2017 correspondese co expediente administrativo 3.608/443. O proxecto foi redactado polos arquitectos

D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco J. García Quijada e D. Manuel Portolés Sanjuan conta cun orzamento base de execución de cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON SEICENTOS MIL EUROS (1.600.000,00 EUROS) e data Setembro 2017.

b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 15.12.2017

c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 15.12.2017

d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 15.12.2017

e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco J. García Quijada e D. Manuel Portolés Sanjuan conta cun orzamento base de execución de cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLON SEICENTOS MIL EUROS (1.600.000,00 EUROS) e data Setembro 2017.

f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 18.12.2017.

g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 18.12.2017

h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 19.12.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elexido para a contratación, así como os criterios que se serán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 19.12.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA ÁLVARO CUNQUEIRO FASE II CORONA CIRCULAR EXTERIOR

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 18 de decembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS, sendo o importe correspondente ao IVE de 277.686 €.

O valor estimado do contrato estipúlase en UN MILLÓN CINCOCENTOS OITENTA E SEIS MIL SETECENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.586.776,86€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.69 "Humanización da Rúa Álvaro Cunqueiro, Perímetro exterior".

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1380).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES. EXPTE. 5107/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/12/17 e o de fiscalización de data 19/12/17, dáse conta do informe-proposta do 19/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións de Servizos Xerais, o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 26 de xullo de 2017, aprobou inicialmente o expediente núm. 41/17, de modificación orzamentaria, expoñéndose o devandito expediente ao público segundo anuncio publicado no B.O.P do día 02/08/2017. Transcorrido o prazo de exposición regulamentario, de acordo ao preceptuado polo artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, e non téndose presentado reclamación algunha, considérase definitivamente aprobada a antedita modificación orzamentaria núm. 41/17, e foi publicada a aprobación definitiva no BOP do día 01/09/2017. Na citada modificación orzamentaria se contempla a aplicación 1532.619.00.67 "Humanización do encontro da Rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores", con un importe de 595.000 euros.

2º- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm. 3.561/443, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión de 14.12.2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión do 14.12.2017 correspondese co expediente administrativo 3.561/443. O proxecto foi redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez cun orzamento base de execución de CINCOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (595.000 €) e data outubro de 2017.
- b) Informe de Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños Canais e Portos, e o Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento con data 14.12.2017
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento de data 14.12.2017
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos Municipal con data 14.12.2017
- e) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola Arquitecta, Dna. Iria Urdampilleta Pérez, de acordo co proxecto aprobado pola XGL en data 14.12.2017, correspondese co expediente 3561/443.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 15.12.2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 18.12.2017
- h) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 18.12.2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 18.12.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de HUMANIZACIÓN DO ENCONTRO DA RÚA SANJURJO BADÍA CO BARRIO DAS FLORES

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 18 de decembro de 2017.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe máximo de CINCOCEMOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (595.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 103.264,46€.

O valor estimado do contrato estipúlase en CINCOCEMOS NOVENTA MIL OITENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (590.082,64€)

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 1532.619.00.67 "Humanización do encontro da Rúa Sanjurjo Badía co Barrio das Flores".

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1381).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A." POLOS SERVIZOS DE VIXILANCIA NOCTURNA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO NO PERÍODO DO 1 DE MARZO A 15 DE XUÑO DE 2017. EXPTE. 8371/612.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 12/12/17 e 19/12/17, e o informe de fiscalización do 20/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/17, asinado polo director de Réxime Interior e a concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A mercantil "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A", con CIF A-79.252.219 presenta a través de plataforma FACE, facturas correspondentes aos meses de marzo, abril, maio, xuño e primeira quincena de xullo do presente ano, en concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo, sendo as seguintes:

- 1) Factura nº 683317110285, de data 15-11-2017 por importe de 7.308,40 € (IVE engadido) polo concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de marzo de 2017 (Exp. 8943-612).
- 2) Factura nº 683317110286, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 € (IVE engadido) polo concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de abril de 2017 (Exp. 8945-612).
- 3) Factura nº 683317110287, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 € (IVE engadido) polo concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de maio de 2017 (Exp. 8944-612).
- 4) Factura nº 683317110288, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 €, (IVE engadido) polo concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo correspondente ao mes de xuño de 2017 (Exp. 8942-612).
- 5) Factura nº 683317110289, de data 15/11/2017 por importe de 3.654,20 € (IVE engadido) polo concepto de servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo correspondente á primeira quincena do mes xullo de 2017 (Exp. 8946-612).

Así mesmo, a Concelleira-delegada ordenou, con data 20 de febreiro de 2017 incoar "expediente de recoñecemento dunha indemnización substitutiva a favor da mercantil "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A", con CIF A-79.252.219, por un importe total de 32.887,80 € (IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo, correspondente ao período de marzo, abril, maio, xuño e primeira

quincena de xullo do presente ano, segundo as facturas relacionadas con anterioridade, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo.

A proposta ven precedida de memoria explicativa das circunstancias que xustifican a incoación do expediente, segundo o disposto na Instrución nº 1/00 da Intervención Xeral sobre expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos e indemnización substitutiva, e na propia Base 28 e concordantes da execución do orzamento vixente.

A relación contractual coa mercantil "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A", con CIF A-79.252.219, rematou o 15 de novembro de 2016.

Por elo, en xuño de 2016, iniciouse expediente de licitación para contratación e adxudicación do novo servizo de vixilancia nocturna, levado a través de exp. 7173-612, tendo rematado no mes de xullo de 2017, polo que dende novembro de 2016, debido á finalización do anterior contrato e a necesidade de no poder prescindir do servizo de referencia, se tramita a xestión do servizo de vixilancia nocturna a través de contratos menores en 2016 e 2017, coa mesma empresa que ata o día da finalización do contrato era adxudicataria do servizo, a mercantil "SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A", con CIF A-79.252.219, cun período de vixencia ata febreiro do presente ano, en previsión de que nestas datas xa estivera o novo proceso de licitación finalizado.

Ao non ser así, é imprescindible que o servizo de referencia se siga prestando para garantir o correcto mantemento da vixilancia nocturna nas instalacións de VigoZoo.

A explicación que motivou a adopción do acordo sen a oportuna fiscalización previa foi o atraso que se ocasionou no procedemento de licitación debido ás reclamacións presentadas por unha das empresas que acudiron á licitación e que provocou que se tivera que solicitar un informe a un órgano externo ao Concello, a Dirección Xeral de Policía, ao ter os membros da Mesa diferencias de criterio á hora de interpretar os requisitos técnicos necesarios que figuraban no prego de prescricións técnicas. Estas alegacións e o ter que solicitar un informe a un servizo externo ao Concello dilatou en exceso o procedemento de adxudicación.

Ademais o primeiro licitador clasificado non presentou a documentación solicitada en prazo polo que houbo que iniciar, novamente, os trámites pertinentes para solicitar toda a documentación ao licitador clasificado en segundo lugar.

As facturas de referencia son causa desta prestación de servizos levada a cabo pola mercantil unha vez rematada a prórroga do contrato de vixilancia e finalizado o contrato menor que vinculaba as prestacións de ambas partes e, en tanto en canto, non comezara a prestación efectiva do servizo de vixilancia das instalacións de VigoZoo a través da adxudicataria que resulte do procedemento de licitación levado a través de Exp. 7173-612.

As condicións económicas de continuidade extraordinaria do servizo (as mesmas nas que se viña desenvolvendo ata a data) salvagardan o interese xeral, toda vez que se producirían de conformidade cos prezos de mercado.

As facturas responden aos requisitos establecidos nas bases de execución do orzamento vixente e o servizo prestado aparece como recepcionado e conforme, autorizado polo responsable competente.

En canto ao importe das mesmas, son acordes ao prezos de mercado xa que na anterior adxudicación no ano 2013 o importe mensual era de 6.765,92 € e na nova adxudicación o importe mensual é de 7.454,11 € , polo que o importe mensual do servizo prestado nos meses de marzo a xullo atópanse no rango de prezos de mercado ao ser de 7.308,40 €, mantendo as mesmas condicións coas que ata o 15 de novembro de 2016 se estaba realizando, polo tanto, o importe das facturas presentadas se sitúan nos prezos de mercado

xa que o actual contrato que se celebrou baixou os principios de concorrencia e información pública ten un maior importe.

Na memoria manifestase a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3371.227.01.00 “Seguridade Nocturna” e o seu nivel de vinculación xurídica. Así mesmo, xustifícase a posibilidade de imputar o gasto ao crédito orzamentario corrente, sen riscos previstos e previsibles derivados da xestión ordinaria do servizo.

Ao expediente incorporouse tamén declaración do representante legal da mercantil, de data 20 de novembro do presente ano, relativa ao resarcimento da deuda e renuncia o exercicio de accións xurídicas ou administrativas en función da aprobación do acto de recoñecemento da indemnización substitutiva obxecto do expediente.

A competencia para resolver o expediente corresponde á Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no art. 127 da Lei 7/1985, e o 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril.

En mérito de canto antecede, e previo informe da Intervención Xeral, o que subscribe propón á Concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a favor da mercantil “SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A”, con CIF A-79.252.219, unha indemnización substitutiva por importe total de 32.887,80 € (21% IVE engadido) pola prestación efectiva do servizo de vixilancia nocturna nas instalacións do servizo de VigoZoo, correspondente aos períodos de 1 ao 31 de marzo (Factura nº 683317110285, de data 15-11-2017 por importe de 7.308,40 €, Exp. 8943-612), de 1 ao 30 de abril (Factura nº 683317110286, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 €, Exp. 8945-612), 1 a 31 de maio (Factura nº 683317110287, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 €, Exp.8944-612), 1 ao 30 de xuño (Factura nº683317110288, de data 15/11/2017 por importe de 7.308,40 €, Exp. 8942-612) e do 1 ao 15 de xullo (Factura nº 683317110289, de data 15/11/2017 por importe de 3.654,20 €, Exp. 8946-612) , aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do servizo de referencia e a falta de cobertura contractual do mesmo.

Segundo.- Recoñecer, en consecuencia, o dereito da citada mercantil a recibir a cantidade aprobada, con cargo á aplicación orzamentaria 3371.227.01.00 “Seguridade Nocturna” e o seu nivel de vinculación xurídica.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez